



Modificacións para o RSS de Predición marítima

O próximo **14 de outubro**, MeteoGalicia publicará unha nova web de Predición marítima e polo tanto o actual RSS de Predición marítima modificará a súa URL de consulta e ademais incorporará varias modificacións no seu contido.

A nova url será: <http://servizos.meteogalicia.es/rss/predicion/rssMar.action>....

E contén temporalmente datos de proba para que vostede poida facer probas sobre o servizo RSS de predición marítima que se publicará próximamente. Por exemplo, para consultar a información do día de hoxe para todas as zonas sería: http://servizos.meteogalicia.es/rss/predicion/rssMar.action?dia=0&idZona=-1&request_locale=gl

No momento no que se leve a cabo a publicación da nova web de marítima, esta nova URL empezará a conter datos reais. Pero non será necesario que faga os cambios no seu sistema xusto nesa data xa que o actual RSS tamén seguirá funcionando unha semana máis con información actualizada para que faga os seus cambios no momento que mellor lle conveña. Ata o **21 de outubro** non se eliminará este servizo definitivamente.

Os principais cambios no contido deste RSS son:

- Publícanse 5 zonas de predición, en vez de 4 como ata agora.
- A información clasifícase en 3 franxas horarias, en vez de 2 como ata agora.
- Incorporárase o comentario sinóptico, e se existe, un comentario extra cando a situación sexa especialmente adversa.
- A dirección do vento, mar de fondo, estado do mar e visibilidade están identificados por un valor numérico único que aporta toda a información do parámetro.

Pode encontrar máis información sobre este novo RSS en:

http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/RSS_PredMaritima_gl.pdf

Para calquera dúbida pode escribirmos á dirección sistemas.informacion@meteogalicia.es ou ben pode chamar ao número 981 957 461.